

Reparación do irreparable, *desvincanza* e desarme do dereito á rebelión

Reparation of the irreparable, disengagement and disarmament of the right to rebellion

• Adolfo Caamaño

NOTAS BIOGRÁFICAS

Adolfo Caamaño é escritor, historiador e foi mestre. Recente premio Modesto R Figueiredo, 2021, ten recibido numerosos galardóns ó longo da súa traxectoria, na que a guerra e as súas consecuencias articulan un dos máis habituais escenarios da súa obra literaria.

Contacto: acv.59@hotmail.es

Pode a arte, o teatro, a literatura axudar a dignificar a memoria das vítimas de conflitos bélicos, a reparar as feridas e animar a restauración dunha cultura de paz? A dramaturga Patricia Ariza fala como a experiencia de creación colectiva realizada polo Teatro La Candelaria en situacións con personaxes que sufriron a guerra en Colombia axudou as vítimas a, como nunha especie de catarse, procuraren o camiño da paz a través da exhibición dos dramas que padeceron.

No tratamento da crúa realidade bélica, nas miñas obras busco que adquiran un sentido profiláctico contra a tentación de que o lector admita as condutas belicosas e a guerra como solución. En moita da miña narrativa está presente a guerra.

Nunhas novelas é o elemento central da narración: *Matar o heroe*, ambientada na Primeira Guerra Mundial; *Cris Canalla: o instinto da liberdade*, na Guerra Napoleónica en España e a da Independencia das Repúblicas Hispano-americanas na Gran Colombia; *A Moura Cruz* (en proceso de escritura), na Terceira Guerra Carlista en España e na Guerra dos Dez Anos pola independencia de Cuba. Noutras só é o pano de fondo: en *Soberano* a guerra colonialista de España en África, o Desastre de Anual e Sidi Ifni; n' *O paxaro do mel* as guerras imperialistas dos italianos en Etiopía e dos británicos en Sudán.

Que eu, como historiador, tivese un bo coñecemento das guerras do pasado influíu na miña elección de argumentos e a situar os meus personaxes en contextos bélicos. Mais a miña

atracción polos conflitos bélicos vén dada sobre todo porque a guerra é unha creación meramente humana (como a Ciencia e as Artes, malia que, salvando terribles diferenzas, tamén se fale da "Arte da Guerra"), e é a guerra a que eticamente sitúa a persoa fronte á súa meirande disxuntiva: matar ou morrer. E desde que a contemporaneidade industrializou a guerra e tamén os civís non combatentes foron obxectivos a bater en masa con bombardeos de cidades e áreas industriais, a guerra tamén obrigou a xente no seu conxunto (todos os contrarios son inimigos) a ter que vivir a rexa realidade bélica: os campos de batalla deixaron de ser só as armadas fronteiras en vangarda e espalláronse ata as indefensas retagardas en que o non combatente, o desarmado, segue inerte coa súa vida cotiá baixo a ameaza das bombas.

Mais, acaso a xente que padeceu guerras, e todos nós, non fomos educados na idea de que, malia admitir os seus terribles efectos, a guerra ás veces era non só necesaria, senón inevitable, e ata curadora, limpadora "dos males" dun intre histórico concreto, conquistadora e espalladora de "espazos vitais", defensora de "causas xustas"? E non se viviu sempre baixo o influxo destas máximas militaristas que preparaban os fillos da nación para guerrear en defensa deste ou daquel dereito ou ben irrenunciable?

O certo é que as guerras libradas por cada país foron vistas nas crónicas e na historiografía clásica como intres claves na construción e na forma de vertebrar os Estados, e ás dinastías que os rexían éranlles recoñecidas as campañas bélicas que emprendían como actos signifi-

cativos dos seus mandatos. As guerras foron —e aínda o son— intres históricos primordiais que se ensinan (e se enxalzan!) nas escolas como claves da Historia, analízanse as súas causas, procesos evolutivos e consecuencias, mais poucas veces se destaca co mesmo interese o sufrimento humano causado por elas. Como moito, nunhas nimias liñas ao final dos capítulos do libro de texto que tratan delas, aparecen os horrores que as guerras provocaron; pouco máis que o número de baixas, só iso. Estúdanse batallas, forzas dos contendentes, liderados políticos e militares... pero non se analiza ao mesmo nivel a condición de vítimas dos que se viron na obriga de ir á guerra —é dicir, os soldados, a clásica carne de canón, e as familias que perderon fillos e esposos no campo de batalla—, que só aparecen en cifras, sen nomes, simples números de perdas causadas e sufridas —“baixas”, “caídos”, “danos colaterais”; xa se sabe como é o frío sistema alxébrico dos militares—, pero todos somos conscientes de que os auténticos derrotados das guerras son esas cifras masivas, os fillos do pobo, convencidos ou non de alistarse pola propaganda dos intereses dos belicosos, ou obrigados por quintas a formar coma nazarenos nos exércitos da nación; eles maioritariamente e as perdas civís son os milleiros de persoas que fenecen nas guerras, os auténticos perdedores delas, malia que as gañasen.

Hai unha frase moi significativa disto nun discurso de Hitler ás mulleres alemás: "Nais, os vosos berces son exércitos durmindo", díxolles o seu *Führer*. E, chegado ese momento que os militares chaman "da verdade última", todos os mandos e os ideólogos da violencia bélica necesitan dos “exércitos durmidos dos fillos da nación” para formar os seus exércitos de carne homicida destinada ao holocausto nas batallas en que sacrificarán os seus anónimos inimigos e serán inmolados asemade por estes, só uns descoñecidos con diferente uniforme ao deles.

A guerra é unha invención exclusivamente humana en que o sentido da humanidade dos soldados é posto a proba e levado a límites extremos. Alguén dixo que mandar un fillo á guerra é convertelo nun homicida legal. A guerra é permitirlle vivir ao soldado nun estado de excepción da ética que, antes de estalar a contenda, tiña que respectar ou acabaría sendo xulgado por asasino, violador, torturador..., todo o cal, na guerra, con tal de vencer, deixa de estar vixente ser punido pola nación que o manda a loitar: a mellor persoa do mundo na paz, na guerra pode acabar convertida no asasino máis feroz e ser condecorado por iso. Porén, a "dura

lex" das probabilidades é teimuda: o máis posible é que acabe convertido nun feixe de vísceras rebentadas, simple carne sacrificable, ou nun refugallo de humanidade, un anaco de ser amputado física e psiquicamente.

Nas miñas novelas non me atraeu tanto o aspecto "aventureiro" dos episodios "gloriosos" e "heroicos" nos que insiste o militarismo como propaganda entre os mozos. Eu centreime máis nos aspectos (in)humanos das contendas, na laceración vital dos soldados atrincheirados nas fronte de batalla, nos seus horrendos xeitos de morrer, e tamén nas eivas coas que regresaron ás casas os que saíron vivos da contenda.

Na literatura universal, e no cine, está moi presente a guerra. E o pensamento belicoso tamén, xaora. Por moito que os autores enxertasen ideas pacifistas nalgúns dos seus personaxes, non deixou na literatura —e no cine— de tratarse a guerra como un feito normal, natural, consubstancial ao xénero humano porque así veu sendo ao longo da historia. E os escritores fixéronse eco desa realidade que se reproducía cada certo tempo nas crónicas dos países: o opio da guerra, o que cegaba toda cordura e convertía pacíficos cidadáns en homicidas, e con patente de curso para matar pola patria.

Non esquezamos os subterfuxios da “obediencia debida” como un nada ético deterxente limpador de criminais de guerra e xenocidas e como inmoral salvador de consciencias torturadas polos masacres cometidos. Porén, creo que moitas desas obras literarias son máis antibelicosas que pacifistas, o que, en esencia, non é o mesmo. No fondo non deixan de admitir certa “xustificación”, e mesmo “xustiza”, no feito de recorrer á guerra, e, en certo modo, conmemórana como tal, celebran o compañeirismo, a irmandade entre soldados —ás veces só o gregarismo dos uniformados baixo a mesma bandeira—, o patriotismo como salvador das nacións, as tribos e razas “superiores e escollidas” grazas ao heroísmo, ou das relixións mercé aos mártires. Declarada a guerra, a lei fica na retagarda, e o Estado de Dereito, se o houber, queda en suspenso e supeditado as chamadas “razóns de Estado”.

As guerras viñeron sendo eses lugares históricos, móbiles no tempo e o espazo — pero sempre con características similares e recorrentes no seu terrible rostro—, que sucedían cada certo tempo e finalizaban cunha paz, outro evento histórico que se asinaba en tratados, mais non no ventre das vítimas, na indigestión de rancores e vinganzas entre vencedores e vencidos.

É posible unha cultura da paz baseada só na “desvinganza”, é dicir, na ilusión de que as vítimas e as súas familias non só non poidan resarcirse mediante a xustiza das maldades causadas polos verdugos, senón que tampouco poidan falar claramente do sucedido, non contar os masacres padecidos, non recuperar os corpos dos seres queridos das fosas comúns? E non foi isto o que ocorreu en España coa Transición política, que os perdedores que loitaran pola democracia non puideron, unha vez recuperada esta, sentirse vencedores tamén dese logro e tiveron que verse ameazados baixo o enorme dedo que sinala e silencia dos vitoriosos? É de consolo unha reparación das vítimas sen unha xustiza que realmente recoñeza e castigue as aldraxes padecidas? A reconciliación, se non é sincera, é unha casa de azucre, ante un mínimo orballo de discordia acaba disolvéndose coma unha pedra de azucre no café e activa a cafeína do rancor. Baixo liderados de silencio e non recoñecemento do padecido, a paz dos vencidos e as vítimas é un estado espiritual imposible, porque a paz do vencedor e o do verdugo semella só unha concesión, unha parada historicamente momentánea na guerra: esa paz “concedida” permanece aí como advertencia de que volverían facer o mesmo se as vítimas non se “comportan ben” e só con buscaren reparación serán acusados de reclamar vinganza.

Como historiador que foi alumno dunha escola ditatorial, ultra-patriótica, durante a Ditadura Franquista, e logo como profesor de Educación Secundaria, puiden ver como se educa no patriotismo, que, chegada a hora de guerrear pola nación, non esconde outra cousa que a predición dunha belicosidade encuberta, a antropofaxia dos xenerais, o canibalismo dos políticos belicosos, a voraz ambición dos poderosos maquillada de amor á nación. Só hai que fixarse nas estatuas dedicadas aos heroes, esa representación estoica dos que ofrendan a vida pola patria coma se non sufrisen nada na guerra en que morreron, a mentira coa que se convence os novos fillos da nación para que no futuro sexan tamén sacrificados e, co tempo, condenados ao esquecemento. Dedicados á heroicidade boa (médicos, enfermeiros, bombeiros, cidadáns anónimos que dan a súa vida por salvar outras nun incendio, un naufraxio, un atentado) poucos monumentos hai, pero as prazas do mundo enteiro están cheas de monumentos aos heroes das incontables guerras sucedidas na historia mundial.

É necesaria unha memoria baseada no recordo do sufrimento das vítimas e que xulgue e condene os verdugos, os culpables das

guerras en que morren, nun ou noutro bando, os fillos do pobo, os máis humildes, máis que recordalos como fillos da nación que deron a vida por esta, coma se despois de mortos por ela puidesen volver de novo a ficar durmidos nos berces das nais que todo *Führer* arela que estas eduquen para a morte pola nación. Ninguén é fillo dunha creación ideolóxica político-xeográfica, toda persoa nace dun útero, non de terra ningunha. A terra produce vexetais. As placentas xeran seres pensantes, falantes, amantes... É partindo desta idea como debe ser enfocada unha nova escola, unha nova didáctica, sobre todo da Historia.

Hai que volver a fundar a educación, unha que ensine a vida, educar para vivir, non ensinar para morrer. E iso esixe unha óptica nova, un prisma multi-focal que achegue as múltiples perspectivas e vértices que presenta todo conflito, un enfoque que, partindo da empatía, instale o suxeito na comprensión das consecuencias das guerras. A Historia sería outra se a vísemos, se a educásemos, desde os ollos das vítimas, non dos verdugos de calquera bando que arengaron e predicaron as guerras do pasado —e aínda segue sendo así no presente: é xa un mecanismo clásico o fomento do odio, a xeración de inimigos mediante a degradación, *bestialización*, *satanización* do contrario—, para que nelas se maten as vítimas, porque todo soldado é vítima e á vez verdugo. A Historia debe facer fincapé na conciliación, non na confrontación. E ningún exército é de paz, de persoas cuxo corazón estea educado na non violencia. Dentro de todo exército, pola súa idiosincrasia “profesional”, a da orde e a autoridade pola violencia, ocúltase o niño que nutre de fascismo as almas: o criptonazismo en formacións militares, mesmo en países democráticos, estámolo vendo revivir (Alemaña, España, USA...) porque nunca morreu no eido do militar.

Está condenado o ser humano a ser así, a que, cada vez que haxa dúas ideas, dous sentimentos contrapostos, mais non por iso anti-téticos, teña que recorrer á violencia fronte ao contrario para facer valer o seu pensamento, a súa ambición, a súa nación? Desde que na evolución histórica humana, e por tanto cultural, se instalou a violencia como método finalista, último, para a solución de conflitos, a humanidade non deixou de prepararse para a guerra, sistematizándoa, fabricando armas novas, tecnificando a “arte” ou a “ciencia” da guerra, e profesionalizando os expertos en facela: os estrategos, no sentido clásico, diría incluso bizantino, da palabra. Que ninguén esqueza esa burda máxima tatuada na mentalidade colectiva polos

poderosos que se resarcen dos conflitos bélicos: “Aquí fai falta unha guerra”, adoita dicirse, coma se non fose morrer ninguén nela. E cando se di “aquí”, non se refiren só a un lugar, senón a que debería facerse unha guerra para limpar un mal, unha suposta disfunción social, relixiosa, económica, política..., que a poboación acadou un punto no que as súas confrontacións non teñen outra solución que a guerra e que, como resultado da mesma, “limparase” ese mal. Destruír para construír. Matar para seguir vivindo mellor os que fiquen vivos. Son as idea “curadoras” que se teñen da guerra e que están presentes historicamente no ser humano. É difícil loitar contra esa idea enquistada e repetida polos timbais e tambores bélicos da Historia a través da escola, da igrexa, a mesquita ou calquera outro templo, e da propia familia, que reproduce en pequeno o xermolo nacional do patriotismo como un ben común, e, polo tanto, tamén un ben para o núcleo familiar que é o alicerce do Estado Nacional.

O cidadán, desde que, revolucionariamente, logrou desembarazarse de ser súbdito dun Rei —o propietario do “Seu” territorio e en quen recaía por “dereito divino” o privilexio de rexer os dexos dos “Seus” súbditos— pasou a converterse desde a contemporaneidade das revolucións burguesas en corpo e suxeito principal —polo menos en teoría, mediante o voto éo— da nación, e así é como os cidadáns en conxunto son o defensor primeiro e último, con todas as consecuencias —e xaora tamén as bélicas co sacrificio da súa vida— do Estado-Nación. O cidadán é fillo deste e fórxase como tal na escola da nación, na relixión da nación, na idea familiar que sustenta a nación, e desde todas estas instancias é educado como “ser nacional” que incluso, chegado o momento, deberá dar a vida polo “Seu” país. Se a ecoloxía parte da comprensión das consecuencias do que facemos co planeta, acaso o pacifismo sexa a comprensión das consecuencias do que pensamos, diso que levamos enquistado dentro e que nos sae a relucir cada vez que o noso “ditador” intestino nos pon firmes contra algo ou contra alguén. E comprender as consecuencias de non ser pacifista é saber a carta cabal que na guerra non só se mata e se fai sufrir, senón que, egoistamente, debemos comprender que tamén un padece e morre, e tamén os nosos fillos, igual que os fillos do noso suposto inimigo.

Porén, quizais debamos facernos unha simple pregunta: a que estaríamos dispostos a renunciar para que unha guerra, ou unha revolución violenta, non se produza? Renunciaríamos tamén á liberdade con tanto sangue

conquistada fronte —como xa ocorreu— o avance do fascismo? Admitiríamos para sempre a nosa situación de perenne pobreza e precariedade e a nosa eternizada submisión ante a voraz ambición dos poderosos e a indiferenza e inhumanidade dos opulentos? Desistiríamos da violencia cando o único que nos quedase fose recorrer á rebelión para que poidamos ter un mundo máis xusto? Creo que a resposta está na Historia. A ultima pregunta que eu faría é esta: que progreso social, que liberdade, que xustiza, foi conseguida historicamente sen sangue? É o mesmo admitir morrer nas guerras dos poderosos das nacións e que todo, *gatopardianamente*, siga igual ou peor, que desistir de arriscar a vida para que crear unha sociedade mellor?

Se por moi democrático que se predique vivo nun país onde aínda nos muros de igrexas, rúas e prazas monumentos e institucións celebran a memoria dos heroes da morte e das matanzas, da perpetuación da inxustiza, dos avances do fascismo no século XX; se vivo nun país onde aínda os asasinados por loitar pola xustiza social e a conquista da democracia descansan anonimamente en ignotas fosas comúns; se vivo nun país onde aínda a simple memoria do sucedido e sufrido non só molesta os vencedores, senón que incluso se terxiversa o relato histórico do ocorrido para xustificar os massacres..., que máis se pode dicir? Pero realmente os medios, sempre en mans dos poderosos, queren construír unha cultura de paz, ou só a cultura da paz que favorece os intereses dos procesos de acumulación de poder e riqueza dos opulentos? Hai unha comunicación auténticamente democrática, e *democratizadora*, que en verdade queira valorar a paz como un ben común? Ou esa democracia e esa cultura da paz unicamente son ben vistos polos cada vez máis controlados —e sutilmente “censurados”— medios de masas sempre que obedezan aos seus intereses e nunca cando democraticamente hai opcións que obteñan resultados que xeren políticas contrarias a eles? Cando a paz que predicán non é posible porque as manifestas inxustizas sociais suscitan levantamentos violentos entre o pobo, invocan a suposta vulneración da “paz” democrática, mais nunca defenden que esa democracia e esa paz non estean facendo nada para que os pobos teñan o máis esencialmente digno para sobrevivir: escola, saúde, traballo e salario xusto, vivenda, liberdade, respecto humano... Os casos boliviano e brasileiro son sintomáticos de como o poder “real” só respecta a democracia cando lles vai ben con ela, se non é así, recorren a calquera subterfuxio para vulnerar o poder elixido polo pobo.

Patricia Ariza, a respecto da construción dunha cultura de paz baseada no non esquecemento dos massacres sufridos e na dignificación das vítimas, dio claro cando admite que no seu país o Centro de Memoria Histórica está dirixido por "un señor que quere abolir a memoria das vítimas", o que vén sendo condenar á ignominia a memoria do sucedido e sufrido por elas. As múltiples armas dos poderosos saben disfrazar as tristes realidades que os levaron ao poder para que a memoria delas se descargue de contido e sexa sepultada, disoluta "como unha bágoa na chuvia", como diría un Nexus 6 desta *Blade Runner* cazadora de "replicantes" contestatarios en que segue convertido sobre todo o mal chamado Terceiro Mundo.

As artes poden axudar a manter viva esa memoria, porque, como di Patricia Ariza, poñen a camiñar a memoria, actívana nos corpos ao atinxir directamente ao universo dos afectos. Pero tamén ao inferno dos desafectos. A moeda dos sentimentos ten dúas caras. E nese sentido ambivalente é onde máis incidín nos personaxes meus que viviron guerras. Os corazóns son débiles. Humanos, os sentimentos. Os bos. E os malos. Se o amor é obstinado, o odio quizais máis. Pode a arte cambiar uns sentimentos por outros? Talvez. Nos máis novos, nos que aínda non sufriron, si. Nos outros, na maioría dos que padeceron, a memoria é unha tortura. E lembrar mercé á arte pode adormecer, mais nunca edulcorar. E moito me temo que iso é o que pretenden ao poñer unha persoa próxima, ou tamén proclive, aos verdugos, como rexedor dun Centro de Memoria Histórica: un senlleiro exemplo de como actúan as democracias "concedidas" e non conquistadas polo pobo. E como simple historiador temo que este tipo de condutas de desarme da memoria e de desvalorización dos procesos revolucionarios van ir en aumento a medida que os pobos tomen conciencia do uso da democracia para lograren un cambio social efectivo. Un proceso que, tarde ou cedo, costará sangue, tal como veu sucedendo sempre. Non están morrendo en Latino América e no Mundo persoas que se enfrontan á ignominia, que queren un mundo mellor para os fillos, que loitan por deter a lacerante explotación humana e o insaciable espolio dos recursos planetarios? Non nos enganemos nós, porque a Historia nunca nos enganou. Nada, ningún dereito, ningunha liberdade, ningunha xustiza ou avance democrático e social foron concedidos *motu proprio* polos poderosos, houbo que arrincalos coma moas do xuízo das cobizosas fauces dos opulentos.

Nelly Kuiru, líder da etnia Murui, sobre a realidade en Colombia, advirte: Leváronnos a unha encrucillada onde, de que paz podemos falar nós se non hai pan? Cando hai fame e desigualdade social non hai paz. E a respecto da súa cultura ancestral engade: E se non hai unha preservación dos coñecementos tradicionais, os pobos indíxenas non podemos falar de paz. Se a educación vai contra o que intentamos preservar, non hai unha cultura, porque non hai un respecto á diversidade. É obvio que o "Novo Mundo" —xa tan vello— ao que queren levarnos, cun sentido da paz inxusto, famélico e que atenta contra a diversidade cultural, é o da uniformidade, converternos en soldados dos seus silentes e submisos —"durmidos"— exércitos da pobreza e das galopantes desigualdades actuais, o inxente e continuado desastre histórico que na miña obra quixen reflectir.